

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VIII — NÚMERO 200 - 1.º Maio 1924

CASO ÚNICO

Unha carta do Sr. García Acuña

Recibimos unha longa carta que firma o xerente de "El Noroeste" D. José García Acuña como réplica ao que decíamos no derradeiro número encol das causas que motivaron a sua saída con retraso.

Non a pubricamos por varias razós. Porque él non nega o que dixemos no número anterior, porque non estamos dispostos a facer o parvo pubricando nas nosas columnas cantidade de insolencias que o Sr. Acuña di na sua carta e porque a ley de Imprenta, que él invoca, non nos obriga mais que a reitificar algúns xuicios ou manifestacións que fixéramos trabucada e d'esto nada haipois, como decímos, o Sr. Acuña non nega que él se negou a tirar "A Nosa Terra" no talleres de "El Noroeste" que é o que decíamos no citado número da nosa revista.

Diremos escuetamente o que vén a decir o ilustrado Delegado Régio de Bellas Artes na sua longa carta.

Empeza invocando o artigo 14 da ley de Imprenta para nos rogar a pubricación do seu escrito e afánase despois en nos demostrar que él ten dereito como xerente de "El Noroeste" a revisar os orixinás que se han de compoñer na imprenta que xerenta xá que é da sua responsabilidade canto na sua casa impréntese.

Hasta aquí é o único a que tén dereito, e áinda se nós queremos, que digamos da sua carta.

Decíamos nós que o Sr. García Acuña extralimitárase nas suas funcións de xerente por tér mirado os nosos orixinás e que se negara a tirar a revista mentres nós non retiráramos os que se referían á Academia galega e ao seu nomeamento de Delegado Régio de Bellas Artes.

Esta última parte queda reafirmada pol-o propio señor García Acuña, pois non nega o feito, ao decir que ten dereito a visar os orixinás. En canto a ésto dirémoslle que "A Nosa Terra" non é unha pubricación anónima. Paga o que debe pagar na Facenda, tén a sua Redacción e Administración é orgo oficial d'unha entidade.

A calquera d'os señores que figuran na directiva d'aquela entidade, ao director ou administrador da revista lle sería esixida a responsabilidade, se a houbera, do que decíamos pero non a él tratándose d'un traballo que non era anónimo. Por outra parte sabe ben o Sr. García Acuña que na actualidade todolos orixinás antes de ser pubridados pasan pol-as maus do señor censor oficial e éste ainda non nos esixiu responsabilidade ningunha. Somentes fai tachar aquello que a él lle parece non pode ser pubrido. ¿E que o Sr. García Acuña ven ser mais papista que o mesmo Papa?

E ademais que casualidade o Sr. García Acuña non se lembrou endexamais do seu cárcago de xerente de "El Noroeste" hasta este momento en que lle non conviña que lle dixéramos as verdades como puños que dixemos no número do mes derradeiro. ¿E que demuestra esto? Pois sencillamente que a él o que menos lle importa e a responsabilidade, que non había ninguha, a que houbera lugar. O que lle importaba era procurar por todolos medios que non dixéramos o que dixemos. Pero afortunadamente para nós non somos tan cándidos como pretendeu-

facernos o Sr. Acuña. ¿Que se crêu él? Se lle non conviña que tirássemos alí a revista debu decilo en outra forma e en outra ocasión e non amostrando a orella do xeito cándido e ridículo que o fixo. Parece mentira n'él qu'e ten acreditado a sua capacidade en custiós diplomáticas.

Di despois que moitas veces temos "inxuriado e agravado a señores de "El Noroeste".

Imos aló. Negamos rotundamente. é compretamente falso ó que dí o Sr. Acuña, ¿E inxuriar decir as verdades? Non o é. E nós invitamos ao Sr. Acuña a que nos diga que mentiras e inxurias dixemos d'elos? ¿E mentira que él dende que cesou no corpo consular xá militou en varios campos políticos da ideoloxía contraria? ¿E mentira que mentras eles falaban e gababan ao Sr. Portela Valladares combatirono nas eleccións de Tuy? ¿E mentira o que dixemos nós do asunto da Academia? Nada mais que esto dixemos. Que nos probe o Sr. Acuña a falsedad das nosas afirmacións.

E non queremos contestar ás insolencias da sua carta. Sería poñerímos á sua altura, e cada un é cada un. Considerámolas propias e casi expicabres n'un señor a quien se lle puxeron as peras a carto, ao lle decir cousas que non son do seu agrado nin da sua comenencia pero que non pode él mesmo negar a sua veracidade.

Termina o Sr. Acuña co seguinte parrafo:

"Y por lo que a mi personalmente afecta en cuanto se relaciona con la Delegación Régia de Bellas Artes, a la caballerosidad del Sr. Castillo me remito y —no digo más—".

E non nos parece pouco. Nós si que non decimos mais ao menos por agora.

Queda en pé que o Sr. Acuña, con razón ou sen ela que esto é o de menos, negouse a tirar "A Nosa Terra" mentres non retiráramos os citados orixinás que lle molestaban. Non os retirámos e a revista saiu por cuio número recibimos moitas loubanzas. Queda compracido o señor García Acuña e nós mais compracidos áinda.

E agora a outra causa que xá nos entretivemos demasiado.

Confiamos na bondade dos nosos leitores que saberán perdoarnos.

¡TERRA A NOSA!

A Comisión do Concello da Cruña que foi a saudar ao novo arzobispo de Compostela foi recibida pol-o Sr. Lago González, expresándose no idioma galego.

Rexistramos con fonda iedicia e satisfacción este feito nobre.

Este número foi sometido á censura militar

Aos nosos leitores

Chamado polo siñor Xefe encargado da censura, e por orde da Autoridá Militar Superior, acudiu o noso Direitor a Capitanía, onde lle foi dada a pauta dos asuntos que poden ser publicados no noso Idearium.

Participámosllelo aos nosos leitores e irmans para o seu conocemento, evitando d'este xeito estranezas que poidera producir un análisis da maneira como aparecerá no sucesivo "A Nosa Terra"



Francisco Añón

O 20 de Abril fixo 46 anos que morreu en Madrid aquél gran poeta galego, desventurado, que pedindo nos seus versos "a Galicia"

¡Ay! eu tamén quixera dormir no teu regazo, cando pechando os ollos; dixeras ao mundo adiós! para contigo unirme en mais estreito lazo..., non atopou ainda un grupo de galegos que se impuxeran o sacrificio de realizar aquél desexo do infortunado, trasladando a Galicia as suas cinzas.

A Nosa Terra como homenaxe e lembranza do poeta venerado publica hoxe un dos seus himnos.

GALICIA

Dos teus recordos vivo ¡Galicia encantadora! por teus anacos morro, idolatrado chán, onde voou sorrindo da miña infancia a aurora, onde as más caras prendas que o corazón adora, o derradeiro sono en paz dormindo están.

¡Ay! eu tamén quixera dormir no teu regazo, cando pechando os ollos, dixeras ao mundo adiós! para contigo unirme en mais estreito lazo, n-un empinado outeiro, n-un foso ou n-un ribazo, que son para quen morre todolos sitios bôs.

Pintar quixera agora en loumíñeiro canto teus vales e montañas, teus ríos e teu mar mais describir non pudo tan feíticeiro encanto, e as ourentes flores do teu precioso manto co as miñas tristes bágoas podianse acrisar.

¡Ay! se alas eu tivese, traspondo o Guadarrama, e outras altas serras, cal rápido condor, iría ver, Galicia, teu rico panorama, teu verde chan florido, que os aires embalsama e o natal corruncho do meu primeiro amor.

Vería d'esa altura teu mar d'azul e prata que desde a nobre Asturias á o libre Portugal, pol-a rachada costa brincando se dilata, vería o sacro Pindo e a grande catarata que o Ezaro gomita d'un alto penedal.

Do opulento Miño a deliciosa orela, enverdexando as viñas que é un regalo ver, as colosais torres da augusta Compostela, e os risoños campos do Sar e do Sarela teatro n-outros tempos d'amores e pracer,

Teus traxes e costumes nas populares festas, bailes, merendas, runflas, nas horas de calor, à sombra dos carballos, ou entre as verdes xestas, con gaitas e pandeiros e rústicas orquestas, de primitivas eras recordo encantador.

Parece que inda enxergo, por entre ramalleiras, travesos estudiantes correr e estralouzar, versos botando e flores ás mozas churrusqueiras, mentras na pobre ermita as nais camanduleiras, por uu ou doux ichavos ó Santo van bicar.

¡Qué terra tan vizosal! ¡Qué pintorescos montes! ¡Qué vales e montañas de máxica ilusión... Sí derdes algunos pasos, cambiades d'hourizontes, descubrense outras veigas, mariñas, ríos, fontes, que á o terno vate infunden sublime inspiración.

Os soutos e ladeiras, os mais amenos prados, as álboreas e froitas que acá e alá se ven, parece que están fonchos de verse duplicados dos ríos e fontelas nas augas retratados como un pequeno cróquis do venturoso Edén.

Ergue esa altiva testa, Galicia e non te engrunes: do teu porvir dorado a estrela vai rayar, das armas e de das letras, tempo é que o cetro empunes, que a terra onde se crían Feijóos e Méndez Núñez, do mundo nos destinos gran parte han de tomar

O tempo s'apresura... Querida patria, escoita ese xemido rouco que racha o aire van... é o vapor que chama con violencia moita a ese porvir xigante que c'o pasado loita, e á trasformar s'apresta o teu fecundo chán.

Serán famosas vilas as que hoxe ves aldeas...
A Cruña, Ferrol, Muros e Vigo encantador.
da orela do teu manto, magnificas preseas,
serán mais visitadas de embarcaciós alleas
do que hoxe son Lisboa. Marsella e New York.

Maxínome estar vendo os escumosos mares,
con velas e vapores que cruzan, van e ven,
mentras por entre soutos, devesas e pináreis,
á o son de feiticeiros máxicos cantares,
con foliadas dentro, silvando pasa o tren.

¡Ay! cantas veces, cantas, en noites pracenteiras
a suspirante brisa no mar m'arrandeou,
cantando barcarolas con lindas compañeiras,
e desde o Ceo a lúa nas ondas bailadeiras
os seus brillantes rayos de prata esnaquizou!

Galicia da miña alma, o corazón ch'adora,
cando na escura noite retrina o ruiñón
cando entre nubes d'ouro sorrindo esperta a Aurora,
cando o choroso orballo das flores s'evapora,
e cando tral-os montes no mar se chanta o Sol.

¡Adios frondosos bosques! ¡Adios floridos prados,
onde en felices días corrín e rebuldei!
serenas, claras rías, outeiros perfumados,
collede os meus suspiros de bágoas salpicados...
¡Lonxe de vos eu morrol! ¡Sin vos vivir non sei!

Madrid, 1877.

Orientacións políticas

COMPARANZAS

M. Albert Thomas estivo en Madrid e foi moi agasallado. Coidamos noustante que eses agasallos nou foron feitos a M. Thomas senón á un Ministro francés que por casualidade resulta ser M. Thomas. Espicaréime: M. Thomas é socialista, e nun país en que o socialismo é considerado pol-as xentes direitoras, pol-as "xentes de orden", coma cousa revolucionaria (no seu terrorífico) e antipatriótica, non pudo comprender como merece a atención de tantas visitas e tantos agasallos un individuo que é propagandista do socialismo.

Non sabemos o que M. Thomas pensará da actual situación de España; quizais rodeado constantemente de todal-as forzas vivas que lle falarán encantadas da marcha que *esto leva*; tal vez á través dos vidros das copas en que tantos *viños de honor* lle sirven ondequeira que se presente; él mesmo se non poida decatar da nosa verdadeira situación.

De todas sortes, estránanos que falara nos termos que o fixo sobre o estado actual da política en Europa, onde vai trunfando, según él, o repubricanismo e mail-o socialismo; e sobre todo facendo remarcar como en todal-as naciós que sinten ansias de vida, chámase para laborar no Goberno aos homes mais novos, novos na vida e na ideoloxía, que van poñendo os cimentos d'un novo réxime de política que non tardará moito de se imprimtar no mundo civilizado.

E así fala do "Fascismo" en Italia, esa forza constituída pol-a unión dos sindicatos obreiros que logrou imprimir ao Goberno un rumbo social ao nivel dos tempos. E fala do "Laborismo" inglés que é un paso mais no camiño que a podente Inglaterra ven parcorrendo hacia as modernas teorías. E da colaboración do "socialismo" en Francia.

Considera tamén necesaria a intelixencia con Rusia, a Rusia soviética. ¡Que horror! Sómente ao nomeala xurde no meu maxín coma un moustro que fai estarrecel-o sangue, tal que aqueles *ogros* medoñentos dos contos de Perrault que comían nenos coa mesma tranquilidá de que calquera burgués español poida trinchar un polo.

E todo d'este xeito.

Afortunadamente na Hespaña pénsease de distinta maneira. Gobérnase sen parlamento e non se nota a falta d'él. Funciona a censura na prensa, e o non o parece, pois en verdade sómente tal cual *periodicucho* trae algúha que outra mancha negra que nunca, tamén é certo, oculta cousas terribres.

E eso de que nos demais países as comienecias do pobo pójese por riba de todal-as comienecias persoas ou partidistas. ¡Bah! Son contos...

¿Qué no mundo entero impera a intelixencia e o trabalho? Poida ser. Aquí arreglémonos coa letra de cambio que se vai renovando a cada vencimento.

LEANDRO CARRÉ

CONTISTAS GALEGOS

O RUBICON

Xamais sentira Xela Liñares a forte depresión moral que a degoraba aquela tarde. Todo o seu pasado de vanidade trunfante, tada a sua soberba de muller fermosa e cobizada, coquefa e asoballadora, esvaise diante da sua vacilación e debilidade. Méndez Dóriga, o habaneiro solteón a quem ela e as suas amigas acolleran con bulras dende que lles fora presentado, era o primeiro que, coa sua non agardada proposición de casamento, tosca, quizais groseira, deixara no seu espírito o sedimento da dúvida que agora a acoraba. A sua negativa fora rotunda, decidida. Mais, ben a pesar seu, a lembranza de aquel home e o remorso da presa que se dera pra lle contestar estaban magoántoas de cotío dende a vispera, con unha terquedad enlouquecedora.

E, n-outante, seguise dicindo así mesma que endexamais se casaría con él. Non podía a rancia fidalguía dos Liñares sofril-o axe de que a más bela das suas mulleres entroncase con un Méndez Dóriga, opulento, si, pero d'un orixin escuro e homilde. Nin había d'ela expoñerse as mormuracions alleas, que xusgaba terían de ser tan aguilladas como impoñente era o seu desprezo para os mais dos seus antigos admiradores.

Non se despicaba aquel seu desfalecemento ante un feito que nada de novo tiña pra ela. A sua vontade rixa e segura en custiós d'amor, sempre a guiara pol-o camiño do trunfo, tal como ela o concebira, e despexara as brétemas do seu entendimento nos instantes de mais difícil determinación. Contaba por dúcias os pretendentes, que formaban ecuación c'os seus desdés. Por eso tiña a raya ós ousados que xiraban ó seu arredor onde quer que s'atopase, convencidos de que aquela beleza non era atinxible sinón no grao en que poden sel-o os santos nos altares.

Mais ela, Anxela Liñares, non se xusgaba con condición de santa nin a suas arelas iban por ese camiño. ¿Cal era, pois, a sua aspiración?

E facíase esta pregunta un pouco asustada da incertidume en que hasta entón vivira. Os millores partidos, que outras tanto cobizaban, foron tamén ouxeto do seu desprezo. Decatábase n-aquel momento de que a sua egolatría leváraa a non arelar sinón a admiración, o rendimento perene de cantos a coñecían, sin a reciprocidade do mais cativo sentimento de afeuto ou gratitud. E non era razonabre. Centillear, sobresair na abellariza mundana non podía por si só ser para nadie, nin tampouco pra ella, unha finalidade concreta e dina, o "bonum" da sua vontade. Sería, cando mais, un medio con que procurar outra más outa finalidade na vida.

...Non. Por ese camiño, romaría tendo razón o seu cáustico amigo Xaquín Neira—único que non fora vítima dos seus desdés, gracias á sua gabada prudencia—cando garimoso e cortés diciale:

...Desengáñese, Xela, anque vostede sexa unha exemplar escepción. Para as mulleres, o ouro ou o ouropel: o esencial é que brile...

Unha fonda tristeza, unha anguria morrifiante íbase adonando d'aquela alma soberba e adurecida pol-o outo conceuto que tiña de si mesma. Rebelábase de contra a posibilidade de se ver casada con Méndez Dóriga. Tremía pensando n-as bulras dos seus adoradores e na sorrisa escéctica de Xaquin Neira. Pero, ben mirado, nada sería tan terribel como ter que desparecer do meio en que ela vivía, cando, pasada a trintena—da que tan pouco a arredaban os sens vintesete anos—escomenzara o ecrise de aquela xuventude esplendorosa. Nada faría, solteira, cando se iniciara a triste etapa de solteirona, entre aquel mundo xuvenil e louco, ridente, frívolo. A sociedade, coas suas leises ausuradas, é ineusorabre, e non dona á muller o dreito a perpetuar a sua gloria, os sens triunfos mais lexítimos dentro da feminidade, esto é, como muller, sin a presencia d'un compañoiro. ¡E habería inxusticia! Que razóns eisistirían pra que unha muller fermosa non esperase, chegado certo tempo, a mesma admiración estando solteira que sendo casada ou viuda, si conservaba esplendente a sua beleza? Pero era unha tolería trocal-os costumes do mundo, vello e cazarro, n-os poucos anos de vida que conta cada un de nos. As cousas son como son e resulta unha quimeria o querer cambialas. O certo era que si ela había de seguir vivendo aquela vida de gloria e satisfaucións, de triunfos e afagos, non lle restaba outro recurso quo de se casar.

E vel-ahí unha conclusión a que nunca chegara. ¡Tiña de se casar!.. ¿E con quen? Con Méndez Dóriga, non. Ela non podía decir n-aquel instante en que os nervios roubábelle a serenidade do seu xuicio, cal era o home ideal que concebera no maxín. De cerio non era aquel habaneiro ricachón. Pero tampouco lle sería fácil despreciar o tipo por ela soñado. Na voráxina de aquela vida d'adivirtición e pleno dominio, non tivera tempo de pensar mais que en que o home que a conquerise non habería de ser un home vulgar, sinón un home que axuntase todas las virtús físicas e morales e espertase a cobiza de todal-as demás. Esto, sobre todo, era o que lle importaba. Arrastrar, facer servo seu ó home que fose para as outras o verdadeiro príncipe das guedellas d'ouro.

Mais ¡canté! Todal-as suas amigas miraban con ollos arregalados aquel "parvenu", novo rico que gardaba vivo o recordo das zocas que calzara antes de se marchar para as Américas; pero de quen se decía que os bes adequeridos sumaban algúns millós. Non mal parecido, baixo de talla e mais seriote do que correspondía ós seus corenta anos, non tiña aqueles encantos que na primaveira da vida soñan as mozas atopar n-o home que as cautive. N-outstante, non lle parecia despreciable. ¡E tan difícil facer realidade un soño! Pra ela, o trunfo era asínalado desde él a fixera ouxeto da sua preferencia. ¡O que a envexarian as outras! D'ahí, emporiso, non debería pasar, e non pasaría. Tamén ela tiña pasado o Rubicón, botada a sorte.

A criada, chamando mainamente á porta do "boudoir" onde se encontraba Xela, veu interrumpir aquel monólogo de pasadelo, Traíalle unha carta. Colleuna e abríuna nervosamente. Era de Méndez Dóriga. Comenzou a leela con desgosto. Mostrábase o pretendente rendido e magoado a un mesmo tempo. Layábase da sua pouca sorte e rogaba, supricaba, que lle non matase a mais outa ilusión da sua vida. Dono de si na fera loita que pra s'erguer hasta onde s'atopaba tivera de librar, sentía enaxenada, perdida a vontade férrea que fora sempre o mais acusado rasgo da sua personalidade, ante "a beleza incomparabre e maxestosa da úneca muller capaz d'amolecer o seu corazón d'home de traballo rudo e desengañado."

O final-a leitura, sentía Xela a sua y-alma asolagada n-unha ledicia sinxela e doce. Era a reaución que aquela carta provocaba satisfacendo a sua vanidade e o seu afán

de predominio. E de súpito, como si a arrastase unha forzada segreda e indomabre, foise sentar ó pé do seu "secretarie" estilo Luís XV, e, recadando o papel, escribeu sin vacilar:

"Meu distinto amigo: Convencida da sinceiridade das suas verbas, que coido dinas da miña estima, doulle lisencia para que espoña os seus deseios a meus pais. Sua, Xela."

Tal vez con espanto doesprito de César, o Rubicón quedaba repasado.

ARTURO TARACIDO

DRAMÁTICA GALEGA

O Pecado alleo

Púxose á venda esta delicada obra, este drama fondo e sentido, sen dúvida unha das mellorres producções do noso Teatro, que a Escola Dramática Galega estrenou hai un ano no Teatro Rosalía Castro con gran éxito. Cantos sexan aficionados á boa literatura leerán con agrado esta obra tan fina, tan ben escrita, que se desenvolve nun ambiente de señorío, culto, e cheo de naturalidade.

Non queremos adicar mais gabanzas á unha obra escrita por quen, como Leandro Carré Alvarellos, é tan noso, para que se non xusgue que as nosas loubanzas son producto da amistade e do compañerismo que nos une; pero queremos rexistrar pol-a satisfacción que nos produz a publicación de *O PECADO ALLFO*, e ao mesmo tempo, como homenaxe ao noso amigo Carré que tanto e tan ben leva traballando en favor do Teatro galego, publicamos unha escena da sua bela obra.

ESCENA VIII

Maria Luisa e D. Eduardo

MAR.—(Ollando para D. Eduardo que está sumido en fondos pensamentos). Hoxe estás tristes, abolito... ¿Por qué estás triste?

EDU.—Miña filla... Hoxe fai dazaseis anos que morreu teu pai ja miña vida, a miña esperanza era él! A dór matou a tua nai pouco despois, e eu... eu mais forte do que ela non sucumbin; pero quedei cego, despois de estar á punto de virarme tolo.

MAR.—Abolito, abolito ¡choras! ainda choras...

EDU.—Faime chorar a lembranza dos días felices perdidos, das esperanzas mortas cos meus fillos; o contraste tamén, d'este pobo en festa co loito do meu corazón. Porque ante o rebuldar das xentes estranhas é como mais se sinten as máguas propias!

MAR.—¡Pobre abolito! ¡Tamén eu teño chorado tanto. Papá e mamá, para min son coma unha saudosa lembranza da felicidade soñada que endexamais chegamos á Abramquer.

EDU.—Moi pequeníña eras cando os perdiste, por eso sientes a tua orfandade; pero non podes sofrir a dór inmensa da perda irreparabre, que é cando se perde un querer, un agarño cando nos decatamos do que para nós representaba na vida.

MAR.—E dime, abolito: eu sei que papá morréu d'unha maneira disgraciada, pero nunca quixeches relatarme como foi ¿é que... non debo de o saber?

EDU.—E mellor que non o seipes, para aforrarte penas. A disgracia chegou: dende aquel día fatal os sofrimentos moraron de cote nesta casa, trocando en loito a resprandente ledicia que denantes rebuldaba nelas. ¡Para que vas á torturar o teu corazón con novas dôres, para qué somentear odios no teu peito? Enxoitos están os teus ollos; non queiras, por Dios, non queiras facer que volvan á eles as bágoas que murcharían a tua mocedad, que queimarian á alegria da tua xuventude ou das tuas ilusións e esperanzas.

MAR.—¡E por qué vas á ser ti solo á sofrir, ou a odiar, se como parece algúñ odio xermolou no teu corazón por consecuencia da desgracia causa da miña orfandade?

EDU.—E tan grande, tan fondo, o sofrimento que magoa o meu espírito, que, xa ves, a miña razón debilitouse; e se por sorte recobrei o xuicio, perdín en troques a vista... ¡Non queiras nena, non queiras saber a terrible verdade! E non me preguntas mais sufre tanto, sufro tanto!

MAR.—Meu vellíño, meu vello... A tua neta sofre contigo, Sinten as tuas coitas, chora tamén, que as penas que te torturan afógan.

EDU.—Pobre neniña, miña rula cantareira, que non ten mais amparo que o seu abó vello o cego.

MAR.—Pero ateigado de amor e de bondade que matan a saudades da miña orfandá.

EDU.—Non son eu quien mitigo a tua dôr. E a tua moedadade que abrindose paso á través do neboeiro de amargura que entebrixa este vello casal, brila coma o sol resprandecente, cando, despoxos da treboda, atravesa tamén coas suas rayolas de vida as nubes mouras da tempestá; e a tua moedadade, que tamén verte no meu dórido corazón o bálsamo ben feitor do teu cariño.

MAR.—Cariño, abolito, moito cariño. Todo o cariño do meu corazón para ti é

EDU.—E, si, e para min; ben sei. El sostenme na vida tristeira en que non teño outra luz que me guíe e que me ate na terra; pero o teu cariño quizais tamén perdereino axiña.

MAR.—Non, ahollito, non. Teralo sempre. ¿Por qué había-lo de perder?

EDU.—Pol-a lei da vida, miña filla. Tés dazaoito anos o amor está á chamar na porta do teu corazón.

MAR.—¡Amor! Non, abolito, ¿quien vai roubarme o querer que solo ti posees?

EDU.—Chegará, chegará quien o consiga, non o dudes... Eu quixera ¡pido a Dios! que sea merecente de ti.

MAR.—¡Bahi! Ningún ropara na pobre orfa. Non hai no pobo quen me cortexe; non hay tampouco ningún que poída inspirarme un cariño tan grande que por él esesquense o do meu abó, o do meu ce-guiño querido.

EDU.—(Con temor, con ansia, como se súpetamente acorde á sua mente un pensamento) ¡E se alguém te te cortexara, terías confianza no teu vellíño para abrillle o teu corazón? ¿Aconsellaríaste con él?

MAR.—Si, abolito, si. A tua neta non pode ter segredos para o seu queridísimo vello.

A Academia Galega tén a palabra e a ver se pode nos tirar o mal sabor que a nos e a toda Galicia produxo o derradeiro acto que fixo a elección de presidente. Veremos se con feitos bós e capaz de se redimir das suas culpas.

Angel del Castillo

Este querido amigo noso acaba de ser nomeado correspondente da Real Academia da Historia. Non é necesario decir quen é Castillo pois d'abondo e conocido en toda Galicia pola enorme e interesantísima labor que leva feito en pró da nosa historia. Así o reconociu a Academia da Historia e por eso concedeulle o honor que poucos como él merecen.

A nosa embora cordialísima ao amigo Castillo.

Castelao en Santiago

O noso querido irmán, o xenialísimo artista ten expositas na Económica de Santiago as suas obras. A inauguración da exposición celebrouse o día 4 presidindo o acto, que revestiu gran solemnidade, o novo arcebispo de Compostela Sr. Lago González.

Falaron na festa o Sr. Cotarelo, Castelao que pronunciou unha fermosa, interesantísima e galeguista conferencia, Bouza Brey e o arcebispo. Castelao e Bouza fixerónno en galego e o Sr. Lago en bilingüe. Por varios irmans nosos que concorreron ao acto da apertura temos noticias de que con tal motivo celebrouse un fermoso acto de profundo e ben sentido galeguismo que meresce todolos nosos parabens e aprausos.

Castelao expón ao público o seu conocido e formidabre álbum e novos traballos que ao decir dos que os viron son unha preciosidade como froitos do talento do querido irmán. Xá estamos faltos de actos como o que comentamos e por eso e polo que tivo de xurdio o celebrado en Santiago é polo que atopámonos ateigados de ledicia. Durante esteña aberta a exposición daranse varias conferencias en galego polos homes de mais valer do galeguismo militante.

A nosa noraboa entusiasta e o noso agradecimento cordial para cantos interviven na celebración do acto especialmente para Castelao e o Seminario de Estudios Gallegos. Os rapaces d'esta entidade galeguista espallaron uns folletiños con varias poesías galegas do señor arcebispo. Pubricamos a continuación o introito onde llas ofrendan.

Ao noso siñor o Arcebispo de Sant-Yago D. Manoel Lago González

A lús do miragre, que nimba hoxe a cadeira dos Xelmírez e dos Fonsecas fire o corazón, sensible de seu, da xuventude recadadora na semienteira da Universidade Galega, e ela ao darse conta da trascendencia do voso advenemento a gardaduria da campa apostólica, quer tamén celebralo.

Os estudantes temos os xardins nosos, nas nosas hortas áinda en frío un recendo de esperanza, un velatiño gromo do futuro, un preludio da bris que presto avalará as nosas liricas, roseiras, un ledo paxariño aprendis de reixinol que axiña brincará nos loureiros e cantará hinos na albada dende a mais ergueita das ponlas, unha estrela noviña que, surxinlo hoxe feimosa, mañán escintilará encol do noso espírito acugulado sempre de sentementos xenerosos, de outras aspiracions; mais en tanto cátivos terían de ser os froitos que poidésemos ofrecer: nin outra froración que a das espranzas, nin outra cántiga que o maino marmurio dos ventos do porvir. Por isto quixerá-

O moimento a Curros

Como saben xá os nosos leitores, o Concello da Habana a proposta dos Sres. Mariano Fernández, Rui de Lugo Viña e Fernández Areces, que formaron parte da comisión que visitou Galicia no ano derradeiro, acaba de conceder 2.000 dólares para o moimento que na Cruña vaise erguer ao gran Curros Enríquez. A prensa galega falou xá do caso e fixo constar o agradecimento de Galicia entera por este acto fermoso no noso honor e no do chorado poeta. Réstanos a nos sumarnos de todo corazón a ese agradecimento e ficámos fondamente reconocidos aos señores concellás cubanos e ao Concello d'a Habana que acaba de nos dar unha proba de agarimo e ainda de patriotismo que deberán ter moi en conta moitos concellos galegos.

Compre agora, despois de dar as gracias mais expresivas, e cordiás ao Concello de Habana, que axiña se saque a concurso o proyeito do moimento para non demorar un momento mais a su erección. En canto a ésto seguimos pensando e pedimos unha vez mais que somentes o concurso sexa feito entre artistas galegos para que sexa un dos nosos o que immortalice no moimento a excelsa lembranza do grandioso vate da nosa raza.

mos, señor, recoleitar do voso própeo xardín a abada de rosas sin nódoa que voltan as mans mesmas da vosa Excelencia, portadas nun pregue do manteo estudiantil, seguros de que, consagradas xa pol-a grórea, o pobo galego topará nelas anacos da sua i-alma, amores que son os seus, fervores que sentiu sempre, falares solerminhos que de cote escoitou e, unha ves mais, vos agraderá a expresión de eles na lingua galega, arca santa da Raza, viril esgrevio das tradicions, cadeia que nos xungue a o pasado, arco trunfal do Alén.

Cando sintades a vosa fronte unxida cos bicos de saudade; o voso espírito engayolado na morriña dos serans do Anxelus lotano e doente que prega polos que foron; cando un bafo mistereoso vos traia alentos da terra é vos fcga soñar que accougades antre os millos da verde Armatá é que Galicia vos acaríña chantádavos no peito o cravo de ouro, de ferro ou de amor do benfacer, da fe, da caridade augusta do Pegureiro Divino. Isto será seu pago!

Recibide pois ista ofrenda, xa que vosa propeamente é dos estudantes compostelanos, que coídan que hoxe os osos xa seculares de Frei Sebastián Malvar e Pinto, o arcebispo galego que vos precedeu, tremarán de gozo ao ser feridos, como nos fomos, pol-a ús de miragre que irradia da cadeira dos Xelmírez e dos Fonsecas.

Pregan vosa benzón.

Os estudantes da Universidade Literaria de Santiago de Galicia.

Abril de 1924.

Prosistas Galegos

BESTAS BRABAS

D. Florencio Vaamonde é un dos escritores galegos que mais leva traballado no noso idioma. Fai pouco tempo deu á imprenta unha interesantísima novela, que recomendamos aos nosos leitores, da que publichamos hoxe un capítulo, como xusto e merecido homenaxe á sua labor constante e valiosa.

A casa Finchorelle era sin duda algúna unha das mais respetables que había enton nas Mariñas. Os fidalgos d'esta casa sempre xenerosos, sempre dinos, eran a representación do fidalgo galego, tendo por norma, en todos os seus actos, e cabaleirosidade e a honradés. O pazo de Finchorelle estaba de continuo aberto á todal-as necesidades e dálí saían a reo o conforte e consolo para moitas miserias e dores. O señor do pazo acababa de morrer, e nel moraban somente a viuda con fillos pequenos e un tío vellido; a mais da sirvidume, un mordomo e un mestre, que daba escola aos nenos.

Os señores de Finchorelle tiñan sona de ricos, sobre todo o vellido, que estivera na América e trouxera d'ali moito diñeiro, e como daquela non había, como hoxe, Bancos en que o depositar, nin tanto negoio en que o meter, era corrente o gardar en furados feitos nas peredes das casas; o enterrar nas bodegas ou noutros sitios oculto para o poñer á cuberto da rapacidade da gavilla de Sopiñas, que era o terror da provincia. Así é que, na maior parte das vivendas, había troneiras e defensas para o caso de un ataque por parte dos ladrós.

Era en Setembre, no tempo da vendima. Cuarenta homes d'aquela gavilla, que un anoitecer se meteran nos espesos pináis cercanos, presentaronse de súpito, á hora mais avanzada, no pazo do Finchorelle, edificio de pesima defensa, e de seguida comenzaron us á pinzal-a porta do patio e tirar tiros para meter medo aos veciños do lugar, no intre que outros pretendían, subídos ao balcón, botarle abaixo as ventanas para por elas entrar. A sorpresa na casa foi grande e o terror mais ainda

naquela viuda e naqueles nenos. Un criado agachouse detrás de unha porta de dobre folla; outros desapareceron. O mestre xa non estaba en exercicio por teren os nenos acabados seus estudos e non necesitaren dos seus servicios. O vellido saltou da cama, e se lembrando de que militara con gloria c'un alto grado no exército, colleu duas pistolas para responder ao ataque; pero o tiro non saía; despoxos comprobouse que, as pistolas, tiñan a bala no canto da pólvora que, tal vez unha man oculta cargara d'este xeito para que non sirvisen. Como aquelas armas non dabán fogo, o vellido colleu a espada e defendeu a ventana menos forte do balcón e por ela non puideron entrá-los vandidos e ainda algúns sairon feridos nas más. O maordomo, a oil-o primeiro tiro, saltou medio vestido, por unha ventana, e foise recoller a casa de mais cerca, onde vivía só unha muller, e según din as malas linguas, namentras os estouros das armas se sentian, él estaba rendendo culto a Venus, posto que, aos nove meses, a muller que lle dera casa cuberta, paría unha nena que era o vivo retrato do mordomo.

O tiroteo parara. Os ladrós entraran pol-o tellado, algúns chegaron preto do vellido, e éste, os vendo entrar á cruidade de un facho que tiña aceso, escondeu a espada baixo de un móbele e fixose o morto, temendo que se lle visen a arma na man o asesinasen. Con todo, disparáronlle un tiro que non fixo mais que lle ennegrecel-a cara co fognazo e deixaron-o tirado no chan, como estaba.

No intre que esto pasaba, xa no inmediato rueiro onde se sentiran os tiros, un señor que ali moraba, e con xente armada velaba todal-as noites, saíu c'us doce homes e co'eles chegara diante da casa atacada para poñer cada un detrás de un castañeiro dos que frente do edificio había. Os doce homes así apostados, era d'abondo para acabar c'os de Sopiñas, pero como aquel señor tiña igualmente sona de rico, a vaidade e a envexa invadírono de súpito e botouse de conta de que deixando arroubal-a casa de Finchorelle, a d'el quedaría a primeira dos contornos, e volvendo-se á eles dixolles:

—Señores: nós somos muy poucos para esta empresa. Eu teño tamén moito que defender, e acaso mentramentras estamos aquí poida dar que parte d'esta gavilla se aproveite da ocasión para entrar na miña casa. Déamos volta.

E volvéreron-se.

Os ladrós, en tanto, rexistraban o pazo, sacaban todo para fora, móbeles, roupas, canto podían, e cargaban en mulos que, para este servicio levaban, e dabánse presa, dicindo un aos outros:

—Bulide que ven o dia.

O señor que acudira e se retirara c'os doce homes, quando soubo o remate do asalto, saltaba de gozo, cuidando a ruína completa dos Finchorelle, e que en toda a volta non quedaría outro mais poderoso que él. Este señor fora un cirolán da montaña que se metera contrabandista, despoxos foi abastecedor de víveres do exército na guerra de Napoleón. Fixo cartos. Trabou amistade, sobre todo con maxistrados e xueces que convidaba á miúdo á xantar na sua casa e, por este motivo, todos lle tiñan medo, e d'este xeito, apoderábase de terras que lle ninguen ousaba disputar, cerraba as fincas, e despoxos basado na posesión proclamábase dono absoluto d'elas, e así sen gastar nada chegou a ter grandísima propiedade territorial. Pero por desgracia sua, algún o denunción de que tiña o libro de San Ciprián. Prenderon-no e leváron-no ao río dos Sapos, de onde saíu á forza de diñeiro, e arruinado de tal modo, pechouse nun cuarto e ali morreu de pena.

FLORENCIO VAAMONDE.

Do momento

A LIGA MUNICIPAL

Grave e mesurado, ambiguo e cautelosamente xeneralizador, como compre o ideario de xentes que non queren tel-o, chegou as nosas mans o manifesto da Liga munici-

palcreada na Cruña como un retoño do partido de Unión Patriótica organizado baixo a tutela do Directorio militar. E por si solo n'este momento fose certo que contra o que de cote amosra a realidade, disfrutase de libertade completa pra que cada un espoña as suas ideas, imos intentar un lixeiro comentario sobre aquel documento e sobre a agrupación de cuio seo emerxen.

D'entre a limpia a polida prosa en que está escrito, non e á il entresacar un solo conceito que poida servir de base a un novo programa político. As condenacions que se fulminan contra os vellos procedimentos, son a repetición, modulada cō sosego y a templanza propias de sensibilidades tardas á reacción ou francamente embotadas, das diatribas formuladas por cantos, da sua conta, ou representando ós partidos da oposición, facían severa crítica ouxetiva da funesta actuación das pandillas hoxe en turno de descanso. Pero esas condenacions folgan n'estas horas en que se dí proscrito, e alexado todo o vello, e no poden ser por si solas a base d'un programa que deliberadamente renuncian a formular os que, pra darlle vida, contan c'ó mais precioso elemento conque ningún partido poida soñar: o Poder público.

Como sobre d'outros moitos conceitos que son o nervio mesmo, o resorce ideal qu'impulsa ós más fortes núcleos políticos d'outros países, botouse por sobre os programas dos partidos a soma do descreto. Os programas non sirven pra nada, se dixo; non son sinón a prata forma con que pretendan uns, escalal-o Poder, e outros, ascender ás cumes da notoriedade. Mais non deixa de ser interesante ouxervar que tal xuicio parten precisamente das pandillas transitortamente desterradas, porque, dotadas d'unha ideoloxía encrenque—por chamarlle algo—e dispostas primeiro a sua eisistencia, e logo calquer intrés de casta ou de familia que mais ligado estivese a aquela finalidade primixenia, tiveron como arma de loita preferida a negación, para os demais, da idealidade de que eles sentiasen espídos. Tal vez houbera no fondo unha ben explicable incomprendión; pero o feito non se pode negar.

Así, a Liga municipal non quer presentar programa. Pero se afana a decir que por enriba de toda outra aspiración, propugna o imperio da Moralidade e da Xusticia. Agora ben: os ideas de Xusticia e Moralidade son os únicos que non se formulan en ningún programa de partido serio. Son tan consustanciais coa eisistencia dos partidos mesmos, que nadie se estrevería a acusar a ningún partido rival da falta ou do menos precio d'eles no programa respectivo. Entre os partidos políticos de todolos países civilizados, por enriba das diferencias de doutrina, no orden social, no económico, no relixioso, eisiste sempre o recíproco reconocimento tácito de que por distintos camiños persiguen todos o imperio da Xusticia e da Moralidade. Os casos individuais de excepción, non son nunca motivo de descreto dos programas. O mesmo ocorre n'o trato diario entre as personas. Damos sempre por suposto que aquel a quien tratamos é honrado e dino da nosa consideración; e esto hasta tal punto que cando, nos atopamos con algún que, sin vir a conto, nos fala da sua honradez amostrándoa como unha virtude excepcional de que él solo é dono, instintivamente nos abotonamola chaqueta cal si do fondo do sub-conxente saíse, ineuxorable, a acusación de que non é un home de ben.

Non pode ser d'outra maneira na vida pública. Todo partido de cuio programa se sospeitase que atentaba contra a Moralidade e a Xusticia (non é nadal) nacería por este mismo feito fora da legalidade e ó marxe do que constitúe as arelas inestinxibles de todolos pobos cultos. Non sería un partido de homes; sería unha partida de malfeiteiros ou un conglomerado de invertidos. Porque as diferencias que poida haber entre as distintas apreciacions de esos outos conceitos, non son maneiras mais ou menos subrepticias de eludilos ou falsealos, sinón matices d'unha escala que acaba na perfección ausoluta, cume do verdadeiro ideal a que se aspira chegar por medio de superaciós sucesivas.

No ampro palenque dos ideás, teño sempre pra os dos demais o respeto que me impon a miña concencia de home libre e liberal. Pero diante de quienes colectivamente se coidan gardadores exclusivos d'aquelas virtudes que son patrimonio de todos, calquera que sean as opiniós que se defendan, teño que sentir certa repulsión. E ó declararme da súa presencia, cinguireime tamén d'unha maneira instintiva o manto ideolóxico dos meus principios, como medida indispensábel para evitar sorpresas.

XOSÉ DE COUTO.

Seminario de Estudios Gallegos

Continúa traballando activamente e realizando unha labor galeguista de mérito extraordinario.

Casi a cotío vénense dando conferencias d'investigación histórica e outros interesantes aspeitos da vida de Galicia.

A maior parte das conferencias son pronunciadas en galego. Con esta labor estanse dando a conocer repases de gran valimento e fondo sentimento galeguista que son agora e serán no adiante barudos e rexos eisaltadores da persoalidade da nosa Terra e dos seus valores.

Seguimos con verdadeiro intrés e compracencia a labor meritaria que realiza o Seminario de Estudios Gallegos e somentes lamentamos que non se dé aos seus traballo maior expansión dando a coñocer no resto de Galicia e mais ainda vendo a inercia da Academia a quien ven a sustituir con extraordinaria ventaxa o Seminario compostelán.

E necesario dar a conocer por medio d'unha revista ou folletos as conferencias e actos que celebra. Coidamos que, supoñemos xá o farán, deben preocuparse da creación d'un orgo do Seminario. Pola nosa parte e mentres non arriben a elo poñemos á sua disposición as humildes pero fondamente galegas páxinas de "A Nosa Terra" para prestar con elo unha pequena axuda ao Seminario que tanto ven facendo polo rexurdimento das nosas letras e a quien repetimos unha vez mais o noso entusiasta e patriótico aprauso.

En poucas verbas

O noso Concello, naturalmente, ainda non está ao corrente no pago das suas deudas, sigue levando a sua vida a rastras, coas ruas mal empredadas, cos servicios deficientes... mais n'unha das derradeiras sesiós os señores rexidores acordaron mercar outros cuadros para añadir á colección que hai no Pazo municipal.

* * *

Copiamos de "Canto de Raza" publicado no número de "Región Gallega" (14 Abril).

"Mi desprecio de macho, arrogante y sensual, orgulloso de ser inculto y español, que llora de luxuria en la noche estival.

JDefinitivo!

O Instituto de Estudios Gallegos da Cruña, ousequiou c'un banquete ao Sr. Cidre, ilustre galego.

No final do banquete descorchouse o champán e mais os discursos; discursos pomposos, altisonantes en que as verbas Patria, España, América eran proounciadas con emoción, ahocando a voz...

Pero no mellor, aparesceu un filliño do Sr. Cidre vestindo o traxe galego, e recitou unhas poesías da Santa Rosalía.

As verbas de Rosalía repetidas por un neno foron como un sino da forza, da intensidade, do galeguismo, que a pesar de todos os intereses e perxúicios que con voz estentórea pretenden impoñerse, rexurde sempre mozo, varil, como esplendente alborada prometedora d'un tempo fermoso en que brile o sol para a grandeza da nosa Terra.

O centenario de Pi y Margall

No mes derradeiro cumplíuse o centenario do nacemento do ilustre xefe do Republicanismo federal español D. Francisco Pi y Margall. A prensa española adicouelle nestes días toda a atención que semellante efemérides merece e publicáronse biografías do gran patrício un dos mui poucos políticos españoles verdadeiramente austeros e honrados que lembrará a historia de España.

Home de firmes e fondas conviccións liberás, verdadeiro apóstol predicator co exemplo, con un talento verdadeiramente asombroso e unha pureza ideolóxica poucas veces vista, Pi y Margall o excelso, fixose acreedor a unha eterna lembranza no só dos seus correligionarios e discípulos senón tamén de cantes saben respetar en todo canto valen e teñen de exemplar as altas virtudes que adornaban ao inmortal D. Francisco.

Nós, nacionalistas, con unha afinidade grande co programa federal promulgado por Pi e plasmado no seu libro "Las Nacionalidades" non podíamos deixar pasar esta data sen adicarlle tamén a quen tiña conosco gran parentesco ideolóxico unhas humildes e querendosas verbas da memorabre recordación.

N'estes tempos non poden ser as nosas verbas todo o expresivas que quixéramos. Limitémonos somentes a lembrar con saudade a figura expresiva do gran Pi, a recordar o seu idearium e a preguntar aos que o seguiron e con él teñen mais afinidade política se non chegaron os tempos, hoxe mais que nunca, de sacar á lúa o programa do maestro e que sexa él a bandeira que axunte, siquera sexa circunstancialmente, a cantes cobizan algo mais que a actualidade en que vivimos.

Parécenos que ésta sería a millor e única maneira de honrar a Pi, vivindo a sua obra.

Literatura galega

Xogos froraeas en Santiago

A Liga de Amigos de Santiago acordou a celebración duns Xogos Froraeas durante as festas do Apóstol, nos que, decatándose dos tempos en que estamos, todos os traballos presentados deberán ser escritos no idioma galego.

Esta é unha decisión que deberá ser imitada por todas as capitales de Galicia, xa que nada engrandece tanto un pobo como as manifestacións da sua cultura e da sua arte; e nada acusa tanto a sua persoalidade como aquelas manifestacións artísticas e culturais que se realizan na propia característica fala.

O que non sinta polas cousas características da sua terra esa afición, ese amor que nace no mais íntimo do noso ser, nunca será un gran patriota, nunca fará absolutamente nada por honrar, por engrandecer o país onde naceu. Por eso a labor que tende a glorificar a Terra, no fomento das artes, da ciencia, da cultura en xeneral, no amor á fala propia, é unha labor santa que debe merecer loubanzas e alentos dos bôs galegos.

E todos cantos músicos, poetas, historiadores, novelistas ou dramaturgos, teñan no seu corazón acesa a divina lampada en ofrenda ao santo amor de Galicia, non deben, non, deixar de acodir cos seus traballos á este certame, certame nacional galego, no que o idioma único será o

"noso idioma", no que o espírito que alente será o nobre ealtivo espírito do galeguismo, que se vai sintiendo xa donados seus destinos, que comeza á vivir a sua vida.

Non queremos romatar sen lembrar que Curros Enríquez, o grorioso, escribiu unha das suas más gabadas composicións, "A Virxe de Cristal", para presentar nun certame. Quizais se eso non fora, Curros non houbera escrito ese fermosísimo poema. Outras obras de mérito teñen tamén aparecido nouros diversos concursos. Debemos pois fomentar os xogos froraeas en Galicia para estimular e alentar aos nosos escritores. E os nosos literatos teñan presente que pois o gran Curros non desdeñou asistir á un concurso, ninguen debe deixar de acodir, contribuindo coa sua presencia á darlle a importancia que verdadeiramente debe ter un gran certame feito todo él en galego, no noso idioma nazonal.

E os organizadores teñan tamén en conta que é preciso conceder premios de importancia, premios que, como confrecuencia ocorre en Santiago, non deben deixar de concederse sempre que haxa obras merescentes d'elles.

Agora véxase os temas do certame, cuíos traballos deberán ser enviados á Liga hasta o 30 de Xunio.

- 1.º Poesía con libertade de asunto e metro.
- 2.º Romance galego de asunto popular
- 3.º Poesía cómica
- 4.º Drama en prosa ou en verso, de un a tres actos
- 5.º Obra cómica teatral nun acto
- 6.º Conto en prosa
- 7.º Novela curta
- 8.º Lenda rexional, histórica ou relixiosa
- 9.º Descripción dunha costume popular en Galicia
- 10.º Colección de refrás de almanaque
- 11.º Música para un cantor de Rosalía Castro.
- 12.º Muñeira para piano.
- 13.º Colección de cantigas (música) dunha rexión de Galiacia.
- 14.º Biografía dun galego célebre, nado denantes do século XIX.
- 15.º Exposición dun feito histórico acaecido en Galicia denantes do século XIX
- 16.º Descripción gráfico-arqueolóxica dun moemento galego (castro, castelo, ingrêxa, mosteiro ou pazo).
- 17.º Os historiadores xenerales de Galicia (biografía e crítica.)
- 18.º Biografía dunha rexión, pobo, feito, ou persoaxe de Galicia.

* * *

O premio d'honor será o correspondente ao primeiro tema.

Concederanse importantes premios que serán entregados solemnemente no acto que se celebrará nun teatro de Santiago.

* * *

Creemos que todos cantes tomarán parte nos xogos froraeas incluso o manténdor, non farán uso senón do idioma galego; sendo así unha gran festa galeguista que merez o apoio de cantes sentimos arelas redentoras pola nosa Terra.

Un novo semanario

Región Gallega

Saudamos ao novo semanario que se publica na Cruña e facemos votos porque a sua influencia se deixe sentir no progreso comercial e industrial non só da capital mais de toda a Rexión.

E xá que ostenta o título honroso de "Región Gallega" agardejamos que faga honor á él

Aniversario da Irmandade

O 18 do mes que corre cumpre o oitavo aniversario da fundación da "Irmandade da fala" da Cruña a primeira entidade nacionalista que se fundou en Galicia. A ela na sua maior parte, débese o progreso que en todolos ordes operouse na nosa terra dende oito anos para acó. Ademais dos traballos enormes que realizou e ven realizando contribuiu en todo momento coa sua forza espiritual, a que se fixeran couzas que de non existir ela se non farían. Ela foi a primeira, ela foi a que chamou por primeira vez nos corazóns dos galegos xenerosos invitándoos a tomar parte no movemento rexenerador de terra asoballada. A "Irmandade da Fala" e con ella cantas organizacíos do seu carácter se fixeron en Galicia ocuparán un lugar outísimo e honroso, polo exemplar e patriótico, na historia da nosa Galicia e nos tempos vindeiros as xeneracíos galegas, mais xenerosas e mais patrióticas que as de hoxe, terán para a Irmandade o agradecimento que se debe a quen, impónsese sacrificios e traballos verdadeiramente titánicos, soupo facer, conquerindoo cada vez mais, que Galicia ocupe no futuro o posto que lle corresponde no concerto da Irmandade dos pobos do mundo.

Aos que hoxe reximos a Irmandade nonnos arredran nentiran azos os tempos que corremos. Cada vez con mais fé, cada día con mais amor e cos ollos postos no altar da Terra no corazón xurdidos latexos de amor por ela loitaremos sen acougo, hoxe como poidamos e mañán como queiramos pola sua redención e polo seu milloramento.

Na data que lembramos vaia un saúdo saído do corazón para cantos espallados polo chán galego, pensan como nós e teñen as mesmas arelas nosas. Para Galicia a renovación do voto feito de loitar por ela co berro santo resume das nosas ansias ¡Terra a Nosa!

Fomento de música galega

No primeiro número de "Región Gallega" vimos un artigo do noso amigo Xacobe Casal ensalzando, como merece a labor do tamén noso amigo moi estimado Xosé Doncel, compositor estudo e de talento, duas cualidades que seguramente han de elevar ao cumé.

Agora ben, O Sr. Casal facía alusión ás institucións galeguistas como obrigadas a axudar ao mestre Doncel, na sua labor publicando as suas obras.

¡Que más quixéramos nós que poder publicar non só as obras musicais de Doncel senón tamén, as de Montes, Adalid, Veiga... e as poesías de Rosalía, Pondal, Cúrrulos, Cabanillas... e outras obras de todo xénero que nas ciencias e nas artes son mostra evidente do que valen os galegos intelectualmente!

Mais, como esa é labor de outras institucións, e como ademais os galeguistas non contamos con medios para emprender grandes empresas editoriales, porque ainda a propaganda do ideal non é todo o intensa que deberá por carencia de elementos, mal podemos axudar a ningún artista se tratando de axudar antes que nada a Galicia poucos son os que nos axudan.

Congreso Regional Agrario

Celebrouse na Cruña un congreso organizado pola Confederación Regional Agraria.

Vimos as concrusiós aprobadas, e... francamente, inda que non estean mal, non nos parece tampoco as más indicadas nin as más comenentes para unha asamblea agraria. Nós lembramos as de aquellas asambleas celebradas en Monforte jaquelas si que eran xentes do agro e xentes capacitadas nas custiós da vida campesina! Compárense as concrusiós d'aquellas asambleas monfortinas coas d'esta da Cruña que diferencia de unhas a outras!

Pero naturalmente os directores da Confederación estuvieron os asuntos dende as salas vilengas das suas casas en tal cal de artigo de xornal ou nalgún manual mais ou menos extenso escrito por outro señor sobre pouco mais ou menos da mesma capacidade dende o seu despacho.

¿Cando se convencerán os agrarios de que non precisan de ter ningún señor de campanillas nas cidades para pedir o que precisan, porque a sua propia voz oírse mais e merecerá maior atención?

O caso é que todolos agrarios se axuntan, que se convenzan do que eles en por sí valen coa forza da unión e coa chave da despensa, e que pidan logo, sempre con xusticia, pero coa forza d'un enérgico berro que no morra hasta que sexa atendido.

XAVIER FRAGA

Un Renacimiento Gallego

Con este mesmo título, e firmado por J. Fernández Cao Cordido, publicouse no Faro de Vigo, núm. 17.513 correspondente ao 4 do corrente, un artigo comentando o acordo da Liga de Amigos de Santiago de organizar uns xogos florales cujos traballos deben ser escritos en galego.

Na nota que neste mesmo boletín insertamos sobre o mencionado acto, xa decimos a nosa opinión e porque consideramos dino de gabanza aquel acordo; añadiremos que o usar ou non unha lingua propia e característica e cuestión de sentimento.

Tamén comprendemos añadir que non se pode considerar morto un idioma que despois de combatido sañudamente durante mais de catro séculos ainda é falada por seis millóns de almas e ainda se cultiva e usa en traballos literarios por un centenar de escritores, que non serán tan bôs nin tan listos como o Sr. Cao, pero que dende logo saben o que fan; e se a pesar das opiniós do Sr. Cao e d'outros polo xeito que poñen tanto empeño en lles aconsellar que non perdan o tempo, eles siguen escribindo á sua maneira ¡deixalos! peor para eles... Pero non entanto, os estudos relacionados con Galicia que mais que ningun aos galegos interesan, por qué habemos deixar de facer no noso idioma si esa é a nosa voluntade? Ben sei que si en troques do galego se fixase como lingua a usar nos traballos o "esperanto", poderían concurrir ao certame xentes de todo o mundo xa que o "esperanto" é idioma universal; pero é posible que d'esta sorte non concursisen nin os galegos nin os que o no son.

E eso de que o galego é un idioma ordinario propio sómente de xentes incultas... ¡Bah! Xa sei que por medo a parecer ordinario ou bruto hai moitos que o non queren falar, hastra que finxen o non comprender ¡coitados! que imos facer senón é compadecernos da sua cativez de espírito.

Sinto de veras que non poidan enviar os seus preciosos traballos ao certamen nin o Sr. Cao Cordido nin os seus amigos non galegos, inda que quizais, como tantas veces ocorre os de fora non fagan mais que repetir o que os nosos dixerón, se ven con tono mais doutoral...

Pero, que importa, Sr. Cao, a infíma groria que se poida abranguer nun certame rexional, despréciense, déixena que a disputen esos tolos, cegos, que con tan pouca cousa se conforman. Vostedes aproveiten o outro campo que é grande d'abondo.

XAVIER FRAFA.

Pensamentos de galegos ilustres

O valor das opiniós hase de computar pol-o peso, non non pol-o número das almas. Os iñorantes, por seren moitos, non deixarán de ser iñorantes. ¿Que acerto pódese, pois, agardar das suas resoluciós?

P. FEIJOO.

Se non pode senon ca morte despirse o espírito das envolturas da carne, menos pode o poeta prescindir do medio en que vive e da natureza que o rodea; ser alleo á seu tempo e deixar de reproducir, hasta sen pensalo, a eterna e layada queixa que hoxe eisalan todolos labres.

ROSALIA CASTRO.

No mundo non hai cuestiós económicas, nin cuestiós políticas, nin cuestiós lexislativas. No mundo non hai mais que cuestiós morales.

PASTOR DIAZ.

LECTURAS

Névoa da Flandres.—Alfredo Barata da Rocha - Porto Mais un fermoso libro de versos editado pol-a "Renaixenza Portuguesa".


Hai neste volume a saudade, o sentimento, a tráxica visión, d'un soldado da guerra grande que ten alma de poeta.

Encomenza por unha aguarela da partida, ten nas suas páxinas versos tan emocionantes como *Primeiro moto* e *Fala a mae desconhecida do herói desconhecido*: o descriptivo *Trilogía da guerra*: aquel cheo de sinxeleza e sentimento *Portugal ao longe*, e tantos outros, tantos, que coase nen saberíamos decir cal nos gusta mais, porque todos eles son fermosos.

O Banquete.—Platon—Porto.

A "Renaixenza Portuguesa" que é unha empresa honra do país irmán, se ben atende con preferencia ás letras patrias non descoida tampouco a pubricación de obras an célebres coño a de Platon que agora deu ao prelo avalorada con notas de Angelo Ribeiro.

Loza inglesa para cuartos de baño



escrusiva de

"Royal Doulton Potteries"

A primeira fábrica de Inglaterra

V.^{da} de Novoa

Visitade a exposición

permanente en

Payo Gómez, 6

A CRUÑA

A mais importante do Norte de España

Vida Marítima e Comercial

Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos do

BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES

PROISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

Ademindo carga e pasaxeiro de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

(Incruidos todolos impostos)

Os pasaxeiro deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: Roxe io Fernández Conde.—Feijoo, 4, baixo.—A Cruña

Sud - Atlantica

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SALIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 caballos de fuerza e dous hélices.

Precios en terceira crase (Incluidos impostos)

(Suxetos as variaciós do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e café cuberto, independientes. Precio n'esta clase: é o corriente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas con comedores, salóns de conversación e cantinas: o precio de 442'60 ptas, incluidos impostos.

Remitiránse fotografías d'estas instalacions a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerales en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS —Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas Chargeurs.

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saidas da CRUÑA para Pernambuco, Bahia Rio Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.

Precio en terceira crás
(inclusos impostos)

Correo rápido	FLANDRIA	17	Mayo	442,60 ptas.
Correo rápido	GELRIA	19	Julio	442,60 ptas.
Correo rápido	ORANIA	28	Xullo	442,60 ptas.
Correo rápido	ZEELANDIA	9	Agosto	432,60 ptas.
Correo rápido	ORANIA	30	Agosto	442,60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiro de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiro de 1.^a, intermedia e 3.^a crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiro que viajan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas, resguardadas, cuartos de baño, duchas etc., levando para servicio dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cociñeiro hespañoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maiores de 10, pasaxe entero. Para cumplimentar as disposicións arxentinas é indispensabre que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Axente xeneral da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

Sobriños de José Pastor
BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.ª

Casa central: A CRUÑA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... | Urbano 75 e 78
Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1

Teléfono 253

Os viños e coñás millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEcq de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto
de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA—MADRID
Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

José C. Juncosa
Galera 39 e 41 - 2.^o piso—A Cruña

Sombrerería LEMUS

SAN ANDRÉS 74

A CRUÑA

BANCO HISPANO AMERICANO

===== MADRID =====

Capital: 100 millós de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Crufia, Cabra, Cáceres, Castellón Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tarrasa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza,

Compra e venda de valores hespánios e extranxeiros.—Custodia de alhaxas e valores.—Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras.—Cartas de creto, e xiro sobre todolos países.—Cobro e desconto de letras. —Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e extranxeiros.—Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes:

2	por	100	ao	ano	nas	cartas	disponibles,	à	vista.
2 1/2	por	100	id.		id.		a 3 meses data.	"	"
2 3/4	por	100	id.		id.	a 6	id.	"	"
3	por	100	id.		id	a 1	id.	"	"

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADO EN 1886

TEN SUCURSAES NOS PUNTOS SEGUINTESES:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, BOS AIRES), ROSARIO DE SANTA FÉ, BAHÍA BLANCA,
e principales prazas da Repúbliga

NO URUGUAY: MONTIVIDEO

ENEUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA, e HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operaciós bancarias nas con díciós mais favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas extranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de aforros, con libreta hasta 1.000 pesetas.	3	"	"
En prazo fixo de tres meses	3	"	"
Idem id. 6 meses	3 1/2	"	"
Idem id. un ano.	4	"	"
A mais prazo			convencional

Dirección telegráfica é telefónica: SPAINBANK.